

# SEGURO AGRARIO COMBINADO (Plan 2022)

Produto: Uva de vinificación (Península e Baleares) – Liña 312

## Documento de información do produto de seguro

Entidade aseguradora: Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S. A.

Entidade subscriptora:

Rexistrada en:

Núm. de autorización:



Este seguro contrátase a través da entidade subscriptora en réxime de coaseguro con todas as aseguradoras que integran a AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A. (Agroseguro) como xestora do sistema. Este documento é un resumo das principais coberturas e exclusións que en xeral ofrece o produto e non constitúe unha proposta axustada ás necesidades do cliente. A información precontractual e contractual completa facilítase noutros documentos (proposta, condicións xerais, condicións especiais e normas de peritaxe). Condicións xa dispoñibles no apartado "Produtos" da web [www.agroseguro.es](http://www.agroseguro.es).

## En que consiste este tipo de seguro?

No pagamento dunha indemnización, dentro das condicións e límites establecidos no contrato e na normativa de aplicación, polos danos obxecto de cobertura sufridos nas producións de vinificación, así como nas súas plantacións e instalacións.



### Que se asegura?

Os danos á produción e plantación —e ademais opcionalmente ás instalacións— ocasionados polos riscos especificados a continuación en función do módulo de aseguramento elixido:

- ✓ **Módulos 1, 2A, 2B e 3:**
  - Sarabia
  - Riscos excepcionais: fauna silvestre, incendio, inundación-chuvia torrencial,uvia persistente, vento furacanado
  - Xeada
  - Murchamento fisiolóxico en variedade bobal.
  - Resto de adversidades climáticas
  
- ✓ **Módulo P:**
  - Sarabia
  - Riscos excepcionais: fauna silvestre, incendio, inundación-chuvia torrencial,uvia persistente, vento furacanado
  - Xeada e murchamento fisiolóxico en variedade bobal (contratación opcional)

**Suma asegurada:** calcúlase con base na produción ou unidades declaradas polo asegurado na póliza e o prezo fixado polo asegurado dentro dos límites establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.



### Que non está asegurado?

- ✗ Danos ocasionados por enfermidades que afectan á madeira, brazos e tronco da cepa.
- ✗ Chuvia persistente: enfermidade producida polo fungo *Botrytis cinerea*.
- ✗ Aquelas outras exclusións expresamente previstas nas condicións do seguro.



### Existen restricións no que respecta á cobertura?

- ! **Cobertura:** no módulo P, para os riscos de xeada e murchamento fisiolóxico, o capital asegurado será do 80 % do valor da produción declarada polo asegurado en caso de elixir esta cobertura por parcela.  
  
Nos módulos 1, 2A, 2B e 3, para determinados riscos, o garantido poderá elixirse entre o 50 % e o 70 % do valor da produción declarada polo asegurado. Ademais, para os produtores que figuran na base de datos, nos Módulos 2B e 3 poderá elixirse un garantido do 80 %.
- ! **Mínimo indemnizable:** para cada risco, ámbito, cultivo e módulo aplicarase un limiar mínimo de danos, entre o 10 % e o 30 %, por debaixo do cal os danos non estarán cubertos.
- ! **Límite máximo de danos:** para os danos ocasionados por mildio, establécese un máximo de indemnización do 70 % da produción real esperada da parcela.
- ! **Franquías:** para cada risco, ámbito, cultivo e módulo, aplicarase franquías de danos ou absolutas, entre o 10 % e o 30 %. Estas franquías aplicarase de forma independente para cada parcela ou de forma conxunta para o total da explotación, segundo risco e módulo.
- ! Existen outras restricións. Consúltense as condicións do seguro.



## Onde estou cuberto?

- ✓ En todo o territorio nacional, excepto nas Illas Canarias.



## Cales son as miñas obrigas?

- ) Asegurar todos os bens asegurables de parcelas inscritas no Rexistro Vitícola que posúa na súa explotación dentro do ámbito de aplicación.
- ) Achegar a documentación que se solicite en relación cos bens asegurados.
- ) Indicar na declaración de seguro a identificación SIGPAC de cada parcela, reflectindo ademais a superficie real cultivada, o sistema de cultivo, o número de cepas e a súa idade.
- ) Asegurar en cada parcela unha produción esperada acorde coas producións realmente obtidas en anos anteriores.
- ) Pagar a prima en tempo e forma.
- ) Cumprir as condicións técnicas mínimas de cultivo, segundo o establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e velar en todo caso polo bo estado do obxecto asegurado.
- ) Comunicar o sinistro dentro do prazo de 7 días, contados a partir da data en que foi coñecido. Deberanse efectuar tantas comunicacións como sinistros ocorran.
- ) Permitirles a Agroseguro e aos peritos que designe a inspección dos bens asegurados e facilitarles a identificación e entrada nas parcelas aseguradas.
- ) Se chegado o momento fixado para a recolección non se realizase a peritaxe ou non se chegase a un acordo nesta, deixaranse mostras testemuñais.
- ) Aqueloutras obrigas expresamente previstas nas condicións do seguro.



## Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

O pagamento da prima debe efectuarse ao subscribir a declaración de seguro, dentro dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O pagamento da prima poderá realizarse:

- ) Ao contado (dunha soa vez)
- ) De forma fraccionada, para o cal será necesario o correspondente aval afianzado de SAECA.



## Cando comeza e finaliza a cobertura?

) **Inicio:**

**Para a produción:** a cobertura comeza unha vez que entrou en vigor o seguro, e sempre que transcorrese o período de carencia (se fose de aplicación) e se alcanzasen as datas ou estados fenolóxicos previstos para cada risco.

**Para a plantación e as instalacións:** a cobertura comeza unha vez que entrou en vigor o seguro e sempre que transcorrese o período de carencia (se fose de aplicación).

) **Fin:**

**Para a produción:** a cobertura finaliza na data máis temperá das seguintes: recolección, momento en que se supere a madurez comercial, datas e estados fenolóxicos previstos para cada risco.

**Para a plantación e as instalacións:** a cobertura finaliza aos 12 meses desde que se iniciaron as garantías.

) Para coñecer os detalles de aplicación, consúltense as condicións do seguro.



## Como podo rescindir o contrato?

Ao ser un contrato de duración anual, non será posible a súa rescisión.